



Lese a seguinte historia para todo o grupo:

Érase unha vez a filla dun vello hortelano que se queixaba constantemente sobre a súa vida e sobre o difícil que lle resultaba avanzar. Estaba cansada de loitar e non tiña ganas de nada; cando un problema se solucionaba, outro novo aparecía e iso facíalle resignarse e sentirse vencida.

O hortelano pediulle á súa filla que se achegase á cociña da súa cabana e que tomase asento. Despois, encheu tres recipientes con auga e colocounos sobre o lume. Cando a auga comezou ferver colocou nun recipiente unha cenoria, noutro un ovo e no último uns grans de café. Deixounos ferver sen dicir un chío mentres a súa filla esperaba impaciente sen comprender que era o que o seu pai facía. Aos vinte minutos o pai apagou o lume. Sacou as cenorias e colocounas nun tazón. Sacou os ovos e colocounos noutro prato. Finalmente, coou o café.

Mirou á súa filla e díxolle: "Que ves?". "Cenorias, ovos e café", respostou a filla. O pai fixo que se achegara e pediulle que tocase as cenorias. Ela fíxoo e notou que estaban brandas. Logo pediulle que tomase un ovo e o rompese. Quitoulle a casca e observou o ovo duro. Logo pediulle que probase o café. Ela sorriu mentres gozaba do seu doce aroma. Humildemente a filla preguntou: "Que significa isto, papá?".

El explicoulle que os tres elementos enfrontaran a mesma adversidade: auga fervendo. Pero reaccionaran de forma moi diferente. A cenoria chegou á auga forte, dura; pero despois de pasar pola auga fervendo volveuse débil, fácil de desfacer. O ovo chegara á auga fráxil, a súa fina casca protexía o seu interior líquido; pero despois de estar en auga fervendo, o seu interior endureceuse. O café con todo era único; despois de estar en auga fervendo, cambiara a auga.

"Cal es ti?", preguntoulle á súa filla. "Cando a adversidade chama á túa porta, Como respondes? Es unha cenoria que parece forte pero que ante a adversidade e a dor torna débil e perde a súa fortaleza? Es un ovo, que comeza cun corazón maleable, cun espírito fluído, pero despois dunha morte, unha separación, ou un despedimento, vólvese duro e ríxido?

Ou es coma o café? O café cambia a auga, o elemento que lle causa dor. Cando a auga chega ao momento de ebulición o café alcanza o seu mellor sabor. Se es como o gran de café, cando as cousas se poñen peor ti reaccionas mellor e fas que a túa contorna mellor."

*Que sodes vos? Cenorias? Ovos? Ou grans de café?*